

NA UNIVERSIDADE EN GALEGO CON SEGURIDADE

Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Universidade de Vigo



© Do texto, as autoras
© Do capítulo 7 «Os xentilicios en galego»,
Xosé-Henrique Costas González

Edición
Universidade de Vigo, 2015
Área de Normalización Lingüística
anl.uvigo.es

Deseño

Desoños

Impresión

Rodi, Artes Gráficas SL

ISBN

978-84-8158-696-1

Depósito legal

VG 733-2015



Xa hai dous anos que editamos *Na universidade en galego sen dúbida* e, grazas á boa acollida por parte da comunidade universitaria, desde a Área de Normalización Lingüística (ANL) continuamos a proporcionar material que vos permita desenvolver a vosa actividade profesional en galego, con fluidez e corrección, tanto na lingua oral coma escrita. Se no anterior volume repasamos cuestións ortotipográficas, ademais doutros aspectos, neste revisaremos contidos morfosintácticos e léxico-semánticos da comunicación administrativa, fundamentalmente.


Deseguido detallamos os tres apartados principais dos que nos ocuparemos nesta ocasión:

- Marco lexislativo da lingua galega no ensino superior, coa novidade do regulamento de uso na Universidade de Vigo.
- Frecuentes interferencias e cuestións lingüísticas fixadas erroneamente na lingua.
- Proposta de xentilicios en galego.

A través destas achegas pretendemos que a nosa comunidade universitaria poida impartir calquera materia, redactar diferentes documentos, atender e informar etc.; en definitiva desenvolverse en galego sen ningunha dificultade. Deste xeito continuaremos co proceso de normalización lingüística na Universidade de Vigo.

**O peor galego é o que non se usa,
ese non dá pé nin a ser mellorado.**





Dereitos lingüísticos no ensino superior 7

Constitución española (1978)	8
Estatuto de autonomía de Galicia (1981)	8
Lei de normalización lingüística (1983)	9
Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (1992)	12
Estatutos da Universidade de Vigo (2010)	13
Lei do sistema universitario de Galicia (2013)	14
Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración (2015)	15



Regulamento do uso da lingua galega na Universidade de Vigo (2015) 17



Consultas lingüísticas recorrentes na ANL 31

A preposición <i>a</i> co complemento directo	32
A colocación do pronome persoal átono	33
Erros no emprego dos pronomes persoais	35
Supresión de elementos necesarios na oración	36
Usos incorrectos do infinitivo, participio e xerundio	39
Diferenzas entre o antepretérito de indicativo e o pretérito de subxuntivo	41
Emprego do infinitivo conxugado e do futuro de subxuntivo	42
Cuestións sobre algunhas perífrases verbais	44
Abuso da voz pasiva	45
A concordancia	45
A pobreza léxica	46
O tratamento persoal	49
Outras eivas frecuentes	51
A escritura dalgunhas palabras	53



Aínda dubidas?

57



Malas herbas na lingua galega

61



Hoxe recomendamos...

71




Os xentilicios en galego

75

Bibliografía

93



DEREITOS
LINGÜÍSTICOS
NO ENSINO
SUPERIOR

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA (1978)

Artigo 3

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Toda a poboación española ten o deber de coñecela e o dereito a usala.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Artigo 148

As comunidades autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:

(...)

17.º O fomento da cultura, da investigación e, se é o caso, do ensino da lingua da comunidade autónoma.

(...)

ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA (1981)

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todas as persoas teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

Nota: neste capítulo reproducimos fielmente a lexislación, pero actualizada cunha linguaxe inclusiva.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Artigo 27

No marco do presente estatuto correspóndelle á comunidade autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

(...)

20. A promoción e o ensino da lingua galega.

(...)

LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (1983)

Artigo 1

O galego é a lingua propia de Galicia. Todas as galegas e galegos teñen o dereito de usalo.

Artigo 2

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma.

Artigo 3

Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

(...)

Artigo 4

O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa administración, da administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.

(...)

Artigo 6

1. A cidadanía ten dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma.

(...)

4. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei.

Artigo 11

1. Co fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente título, os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público en Galicia.

2. Nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autonómica e local considerárase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional.

(...)

Artigo 12

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.
-
2. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino, de acordo coas disposicións da presente lei.

Artigo 15

1. O profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia.
-
2. O Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario.
-
3. As autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas co fin de que a lingua non constitúa obstáculo para facer efectivo o dereito que ten o alumnado a recibir coñecementos.

Artigo 17

1. Nas escolas universitarias e demais centros de formación do profesorado será obrigatorio o estudo da lingua galega. O alumnado destes centros deberá adquirir a capacitación necesaria para facer efectivos os dereitos que se amparan na presente lei.
-
2. As autoridades educativas promoverán o coñecemento do galego por parte do profesorado dos niveis non incluídos no parágrafo anterior, co fin de garantir a progresiva normalización do uso da lingua galega no ensino.

Artigo 22

O Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará a Administración e particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos da presente lei.

Artigo 23

O Goberno galego establecerá un plan destinado a resaltar a importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.

Disposición adicional

Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega. Esta normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego.

LEI DE RÉXIME XURÍDICO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (1992)

Artigo 35. Dereitos da cidadanía

A cidadanía nas súas relacións coas administracións públicas ten os seguintes dereitos:

(...)

d) A empregaren as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto de ordenamento xurídico.

(...)

ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (2010)

Artigo 4

1. O galego é a lingua propia da Universidade de Vigo.
2. A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que garantan o uso pleno da lingua galega en todas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos.
3. A Universidade de Vigo establecerá mecanismos formativos para que, nos procesos de acollida dos diferentes membros da comunidade universitaria, se favoreza o coñecemento suficiente da lingua galega.
4. Nos procesos de selección de persoal, valorarase positivamente o coñecemento da lingua galega e do resto das linguas oficiais da Unión Europea.

Artigo 100

1. O alumnado da Universidade de Vigo terá os seguintes dereitos:
(...)
l) Recibir unha formación complementaria e gratuíta para adquirir as competencias necesarias no coñecemento do galego, no marco en que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.
(...)

LEI DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (2013)

Artigo 2. Obxectivos e fins do sistema universitario de Galicia

Recoñécese como obxectivos e fins propios do SUG os seguintes:

(...)

f) A promoción do galego, lingua oficial e propia de Galicia, e a súa coexistencia co castelán, tamén lingua oficial, e, se for o caso, con outras linguas de interese para a docencia e a investigación.

(...)

Artigo 89. A lingua

1. O galego e o castelán son as linguas oficiais das universidades de Galicia. O uso das linguas oficiais nas actividades universitarias rexerase pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e polo que dispoñan as normas propias das universidades.

2. O galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua de uso normal nas actividades das universidades.

3. A Xunta de Galicia e as universidades, no ámbito das súas competencias, estimularán o coñecemento e o uso do galego en todos os aspectos da actividade universitaria e fomentarán a súa aprendizaxe entre todos os membros da comunidade universitaria.

4. O uso do galego na actividade docente e investigadora poderá terse en conta para os efectos de recoñecemento de méritos individualizados do labor docente e investigador.

LEI DE GARANTÍA DA CALIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS E DA BOA ADMINISTRACIÓN (2015)

Artigo 38. Estatuto xeral das persoas usuarias: carta galega dos servizos públicos

(...)

2. En particular, terán dereito:

(...)

c) A utilizar e a ser atendidas, segundo a súa escolla, na lingua galega ou castelá nas súas relacións orais e escritas co prestador do servizo. Para estes efectos, tanto nos supostos de xestión directa coma indirecta, adoptaranse as medidas organizativas do servizo necesarias para a garantía deste dereito. O galego será a lingua de uso normal e preferente en todas as actividades relacionadas coa organización e prestación dos servizos públicos.

(...)



REGULAMENTO DO
USO DA LINGUA
GALEGA NA
UNIVERSIDADE
DE VIGO (2015)

Preámbulo

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia (SUG) manifesta na súa exposición de motivos que:

Transcorridos máis de vinte anos desde a entrada en vigor da Lei 11/1989, de ordenación do sistema universitario de Galicia, resulta conveniente e necesario abordar unha actualización e simplificación do conxunto normativo que regula o ensino universitario de Galicia...

... Esta actualización debe cumprir o obxectivo de pular polo ensino público universitario e a investigación que se realiza nas universidades, defender os sinais de identidade de Galicia, nomeadamente a lingua, e apostar polo enraizamento do SUG na sociedade galega, contribuíndo á formación da cidadanía e achegando coñecemento á sociedade...

... O SUG aspira a mellorar os seus niveis de calidade e internacionalización, nun continuo proceso de modernización, o que esixe contar cunha regulación global e sistemática no eido do ensino universitario da nosa comunidade autónoma...

No artigo 2.º do título preliminar recoñece como un dos obxectivos e fins propios do SUG:

f) A promoción do galego, lingua oficial e propia de Galicia, e a súa coexistencia co castelán, tamén lingua oficial, e, se for o caso, con outras linguas de interese para a docencia e a investigación.

Xa no título v, en que se ocupa da comunidade universitaria, refírese expresamente ao galego:

Artigo 89. A lingua

1. O galego e o castelán son as linguas oficiais das universidades de Galicia. O uso das linguas oficiais nas actividades universitarias rexerase pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e polo que dispoñan as normas propias das universidades.

2. O galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua de uso normal nas actividades das universidades.

3. A Xunta de Galicia e as universidades, no ámbito das súas competencias, estimularán o coñecemento e o uso do galego en todos os aspectos da actividade universitaria e fomentarán a súa aprendizaxe entre todos os membros da comunidade universitaria.

4. O uso do galego na actividade docente e investigadora poderá terse en conta para os efectos de recoñecemento de méritos individualizados do labor docente e investigador.

Na actualización da Lei do SUG distínguense as liñas que comprometen os poderes e as institucións públicas na tarefa de normalización da lingua galega, dende o Estatuto de autonomía á Lei de normalización lingüística.

Arestora, coa integración no espazo europeo de educación superior, onde se salientan as calidades do multiculturalismo e o pluri-lingüismo, a lingua galega aparece como un elemento de riqueza máis dentro da pluralidade do Estado español e da Unión Europea. O impulso da mobilidade e o proceso de internacionalización reflíctense no Plan de internacionalización da Universidade e no desenvolvemento do campus de excelencia internacional. Cómpre adaptar e dispor a normativa para abranguer eses obxectivos: internacionalización, mobilidade, promoción do galego, estimulación do uso e aprendizaxe, lingua propia e oficial, coexistencia e uso normal.

As universidades do SUG veñen colaborando e traballando dende a súa creación pola normalización do galego. Xa de xeito máis coordinado, canda a Xunta de Galicia, na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, órgano que viña disposto como unha das medidas do Plan xeral de normalización lingüística.

As universidades de Santiago de Compostela e da Coruña dispoñen de senllos regulamentos do uso da lingua galega como marcos de referencia para contribuír a unha necesaria homoxeneización das imaxes corporativas das institucións. O maior uso doutras linguas na nosa universidade debe estar en consonancia co compromiso moral e legal que os Estatutos da Universidade de Vigo e a Lei do SUG proclaman coa lingua propia de Galicia. A Universidade de Vigo, do mesmo xeito que o resto do espazo universitario galego, sente a necesidade de participar igualmente nese proceso de normalización do uso do galego provéndose dunha normativa de referencia semellante que permita tamén homoxeneizar a súa imaxe corporativa en materia de lingua a través do seguinte regulamento do uso da lingua galega.

1 Ámbito de aplicación

- 1.1 Os usos lingüísticos da comunidade universitaria da Universidade de Vigo réxense polos criterios que establece este documento. A responsabilidade institucional do cumprimento deste regulamento, así como as accións de normalización lingüística en xeral, correspóndelles aos órganos de goberno desta universidade.

- 1.2 Sempre que nesta normativa apareza a denominación Universidade de Vigo, entenderase que se refire a todos os centros e unidades que a integran: facultades, escolas, centros, institutos, departamentos e servizos.

- 1.3 Os termos documentación e comunicación entenderanse referidos aos usos institucionais de tipo oral, escrito ou na rede telemática.

- 1.4 O nome oficial da universidade é Universidade de Vigo, e así ha de constar. A denominación de centros, de estudos, de departamentos, de institutos e doutras figuras de investigación, así como os servizos universitarios ou administrativos, serán en galego.

2 Usos lingüísticos internos

Realizaranse en galego:

- 2.1 As comunicacións formais (oficios, convocatorias de xuntanzas, citacións, convites etc.) entre centros, servizos e administracións da Universidade de Vigo.

- 2.2 Os outros documentos de uso interno utilizados polos diferentes órganos da Universidade:
 - 2.2.1 Os documentos de xestión xeral: programas de actuación, memorias, informes etc.
 - 2.2.2 Os documentos contables: ordes de pagamento, follas de pedimento, recibos, orzamentos etc.

2.2.3 Os documentos académicos: follas de matrícula e de preinscrición, validacións, instrucións, instancias, enquisas, cartas de estudantes etc.

2.2.4 Os documentos de xestión de persoal: nóminas, notificacións etc.

2.2.5 Os documentos xurídicos: informes, resolucións reitorais, de xerencia, consultas, documentación dilixenciada, reclamacións, impugnacións etc.

2.2.6 As disposicións e as actas.

2.2.7 A expedición de certificados de expedientes de uso interno.

2.3 Os procedementos contractuais da Universidade de Vigo. Os contratos formalizaranse en galego e, en todo caso, unha copia dos pregos deberá estar dispoñible nesta lingua.

2.4 Os centros e os departamentos da Universidade de Vigo, da mesma maneira que as dependencias administrativas e de servizos, terán como lingua de uso o galego. Así mesmo, os documentos que os departamentos e as entidades institucionais elaboren: as memorias, as actas, as comunicacións oficiais para os taboleiros de anuncios, os programas das materias etc.

2.5 As denominacións de cursos de posgrao (especialización e mestrados) e os créditos e as materias que os compoñen.

2.6 Os títulos acreditativos de estudos propios expedidos pola Universidade de Vigo redactaranse en galego, agás os que teñan efectos fóra da nosa comunidade autónoma, que se expedirán en versión bilingüe.

2.7 Os títulos de estudos oficiais expediranse en versión bilingüe segundo a lexislación vixente sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios.

2.8 Os rótulos informativos, as cabeceiras de todo tipo de papeis corporativos, os cuños e outros elementos análogos.

-
- 2.9 As inscricións e as rotulacións que identifiquen bens de propiedade da Universidade, como inmobles, vehículos, maquinaria, ferramenta etc.
-
- 2.10 A rotulación e os indicadores situados nas vías e nos camiños que dependen da Universidade.
-
- 2.11 Os rótulos, indicadores, letreiros, sinalización, tanto nos exteriores coma nos interiores dos edificios da Universidade, estarán en galego. Cando a normativa ou o interese xeral o requira, as sinalizacións tamén poderán incorporar outras linguas.
-
- 2.12 As páxinas web, as intranets, os blogs informativos dos servizos, os accesos oficiais ás redes sociais, os portais telemáticos para teledocencia, os avisos e as convocatorias nas listaxes de correo electrónico, e toda a posibilidade de comunicación na rede dixital, sempre que teña unha vertente oficial da Universidade.
-
- 2.13 De se precisar a adquisición de programas ou licenzas de aplicacións informáticas valorarase a dispoñibilidade de versión en galego ou a facilidade da súa posta en práctica.
-

3 Usos lingüísticos externos

- 3.1 As comunicacións formais interuniversitarias e con institucións públicas e privadas da comunidade autónoma galega (incluída a administración periférica do Estado) faranse en galego.
-
- 3.2 As comunicacións formais con destino a entidades de fóra da comunidade autónoma galega faranse:
- 3.2.1 En galego se a institución receptora ten esta lingua recoñecida como lingua oficial de traballo.
- 3.2.2 En versión bilingüe galego-castelán cando o galego non sexa oficial, pero si o castelán. Nestes casos, o documento contará cunha parte impresa, onde o corpo fixo será en versión bilingüe galego-castelán e a parte para cubrir en castelán.

3.2.3 En versión bilingüe galego-outra lingua oficial de traballo da institución receptora cando nin o galego nin o castelán sexan oficiais. Nestes casos, se o documento contén unha parte impresa, o corpo fixo será en versión bilingüe galego-lingua receptora e a parte que se cobre na lingua da institución.

3.3 A expedición de certificados de expedientes académicos para o uso externo farase en galego.

3.4 Os estudos, os proxectos e os traballos análogos que a Universidade de Vigo lles encargue a terceiros no dominio lingüístico galego entregaranse en galego, agás que a súa finalidade esixa a redacción noutra lingua. Este requisito será explicitamente recollido nas convocatorias ou nas solicitudes de tales traballos.

3.5 Os escritos que a Universidade presente nos tribunais de xustiza ou arbitrais no ámbito lingüístico galego redactaranse, sempre que sexa posible, en galego.

4 Uso oral

4.1 Na atención oral aos usuarios/as e á cidadanía en xeral, tanto se é persoal coma telefónica ou por medios telemáticos, as empregadas e empregados públicos da Universidade de Vigo dirixiranse en galego ao seu interlocutor/a, agás nos casos en que se solicite ser atendido en castelán ou cando o funcionario/a o considere necesario para facilitar a comunicación.

4.2 Nos actos académicos (apertura do curso académico, investidura de doutores/as honoris causa etc.) e nos actos públicos en xeral (inauguracións, sinatura de convenios etc.) feitos no territorio lingüístico galego, a lingua que utilizarán os/as representantes da Universidade será o galego, agás que as circunstancias esixan o uso doutra lingua.

5 Rexistros

- 5.1 Sen prexuízo do que, para algúns rexistros públicos, establece o artigo 9 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, nos rexistros administrativos da Universidade de Vigo os asentamentos faranse sempre en galego, independentemente do idioma que presente o documento.
-
- 5.2 Nos expedientes académicos do alumnado porase en galego o nome das materias, as cualificacións e todas as demais informacións.
-
- 5.3 A expedición de certificados farase en galego. Por pedimento expreso das persoas interesadas facilitarase a versión bilingüe ou castelá, que irá validada pola persoa responsable administrativa correspondente.

6 Publicacións e publicidade

- 6.1 As disposicións da Universidade de Vigo publicaranse segundo os criterios establecidos neste documento sobre o uso interno e externo da lingua galega.
-
- 6.2 As revistas non científicas, as memorias, as guías de estudantes, os carteis, a información sobre cursos, congresos, simposios, conferencias, os avisos, as convocatorias e, en xeral, as publicacións que a Universidade de Vigo faga, tanto internamente coma en medios de difusión externos, redactaranse en galego, excepto as destinadas especificamente á promoción exterior, que se poden facer noutra lingua.
-
- 6.3 A publicidade de todo tipo que emita a Universidade de Vigo, ou que realice con outros organismos, realizarse en galego, agás a que fose destinada especificamente á promoción exterior.

6.4 A Comisión de Publicacións establecerá uns criterios de uso para empregar linguas distintas ao galego por razóns de difusión científica nas publicacións da Universidade.

6.5 As publicacións respectarán en todo caso o dereito do autor/a, de maneira que a tradución de orixinais deberá contar co seu consentimento previo.

7 Docencia e investigación

7.1 O profesorado e o estudantado teñen o dereito a expresarse oralmente e por escrito na lingua oficial da súa preferencia. É obxectivo da Universidade que o galego sexa vehículo de expresión normal nas actividades docentes e investigadoras.

7.2 A Universidade ofrecerá cursos e sistemas de autoaprendizaxe e de asesoramento lingüístico e terminolóxico para que o alumnado e o profesorado perfeccionen a comprensión e o coñecemento do galego, e posibiliten o incremento do seu uso na docencia.

7.3 O profesorado da Universidade de Vigo coñecerá suficientemente as dúas linguas oficiais de acordo coas esixencias das súas tarefas docentes.

7.4 Os servizos da Universidade informarán o profesorado, no momento de incorporarse, desta normativa, así como sobre os cursos de galego e outros mecanismos de apoio para que perfeccionen e incrementen a comprensión e o uso do galego.

7.5 Os documentos relacionados coa docencia, como os plans de estudos, os programas de materias, as actas de cualificacións e similares serán en galego.

-
- 7.6 O estudantado non poderá ser discriminado ou verse prexudicado por utilizar o galego nas clases e nos exames. Os departamentos garantirán a corrección dos exames en galego aínda que a docencia se imparta noutra lingua, agás nos casos de materias (como as de Filoloxía e de Tradución) que especifiquen no programa un criterio diferente.
-
- 7.7 A Universidade promoverá o uso do galego nas actividades de investigación, ofrecendo medidas de promoción e de soporte técnico para corrixir as teses de doutoramento e outros documentos de investigación redactados en galego.
-
- 7.8 A asistencia a clase de alumnado proveniente de fóra do dominio lingüístico galego non comportará alteracións de uso do galego na docencia. A Universidade informará previamente este estudantado do uso do galego na docencia, como tamén da convocatoria de cursos específicos para este colectivo.
-
- 7.9 A Universidade ofreceralle titorías activas de orientación a este alumnado, e será preciso nomear un coordinador/a por centro que aconsellará sobre as materias que poderán cursar e resolverá ou vehiculará as cuestións que xurdan ao longo da súa estadía na Universidade.
-
- 7.10 A Universidade de Vigo promoverá a creación do Programa de voluntariado lingüístico, coa participación dos diferentes colectivos que conformen a comunidade universitaria, para que lle sirvan de soporte de integración á cultura galega.
-
- 7.11 As convocatorias de bolsas realizadas pola Universidade terán en conta o que dispoña o presente regulamento. Os bolseiros/as ou calquera persoa que colabore en funcións docentes, de xestión administrativa ou de atención ao público adecuaranse ao cumprimento deste regulamento.
-
- 7.12 Queda excluído da aplicación deste regulamento o profesorado visitante ou análogo.

8 Persoal de administración e servizos

- 8.1 Os órganos de goberno da Universidade adoptarán as medidas necesarias para que en cada unidade administrativa ou de servizos, e mais o persoal que estea relacionado co público tanto oralmente coma por escrito, teña os coñecementos de galego necesarios para garantir o dereito da cidadanía a escoller a lingua de relación coa administración.
-
- 8.2 Os órganos de goberno da Universidade de Vigo establecerán o nivel de coñecemento da lingua galega axeitado e esixible para cada posto de traballo na Universidade.
-
- 8.3 En todas as bases que regulen as convocatorias para a provisión de postos de traballo da Universidade, de réxime administrativo ou laboral, e os concursos de méritos destinados á promoción interna, establecerase a acreditación dun determinado nivel de lingua galega, de acordo co apartado anterior.

9 Contratación e convenios

- 9.1 Os contratos de prestación de servizos (cafetaría, comedores universitarios, reprografía, axencias de viaxe etc.) asinados pola Universidade con entidades privadas conterán unha cláusula onde se comprometan a cumprir as normas que en materia de uso lingüístico dispón este regulamento.
-
- 9.2 Estas empresas utilizarán o galego na rotulación, nos avisos etc., e a atención aos usuarios/as deberá ser efectiva en ambas as linguas oficiais. Procurarán que os produtos e os servizos que ofrecen conteñan a información en galego. A Universidade ofrecerá a colaboración da Área de Normalización Lingüística para facilitarlles o cumprimento desta normativa.
-
- 9.3 Os convenios asinados pola Universidade con outras entidades públicas ou privadas redactaranse en galego e, se é o caso, na lingua ou nas linguas oficiais ou de traballo da outra ou outras entidades asinantes.

10 Calidade lingüística

10.1 Debido a que os textos públicos da Universidade transmiten a imaxe da propia institución e son susceptibles de seren interpretados como modelos de lingua en todos os textos, documentos e comunicacións da Universidade de Vigo, coídarase especialmente a calidade e a corrección lingüística. Ademais, terase en conta a harmonización dos textos, a democratización, a personalización, a claridade de contidos e a uniformidade, de acordo cos criterios de linguaxe administrativa da Xunta de Galicia.

10.2 Deberase usar unha linguaxe inclusiva que evite posibles ambigüidades, fórmulas sexistas e oculte un dos xéneros.

10.3 A Universidade velará para que estes criterios se utilicen nos textos e nas comunicacións das actividades doutras entidades coas que colabore.

11 Toponimia e nomes de rúas, lugares ou edificios

11.1 Tal e como dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

11.2 A Universidade de Vigo preservará as formas tradicionais dos lugares como parte integrante do patrimonio cultural. As formas dos topónimos empregadas pola Universidade serán sempre as establecidas legalmente.

-
- 11.3 Seguiranse os criterios establecidos na declaración asinada pola Comisión de Toponimia en 2002 para nomear as rúas, camiños e edificios de titularidade da Universidade:
- 11.3.1 Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas etc.) ha de preferirse sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.
 - 11.3.2 No caso de realidades xeográficas de nova creación realizarase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial das novas realidades.
 - 11.3.3 Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superan en número as novas realidades xeográficas creadas de preferencia, deben preservarse os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.
 - 11.3.4 Só se empregará o recurso á imposición de «topónimos honoríficos» (nomes de persoas ou institucións, de conceptos abstractos, de cidades ou países etc.) nos casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional.
 - 11.3.5 No caso de ter que optar por un topónimo honorífico ou conmemorativo, seguiranse as directrices aprobadas pola ONU en 2004.



CONSULTAS LINGÜÍSTICAS RECORRENTES NA ANL

A PREPOSICIÓN A CO COMPLEMENTO DIRECTO

En xeral, o complemento directo constrúese sen a preposición *a*:

~~Vin aos nenos~~ no parque. → Vin os nenos...

A profesora ~~convocará ao alumnado~~ para realizar a práctica.

→ ... convocará o alumnado...

A preposición *a* só é obrigatoria cando o complemento directo de persoa é:

-
- Un nome propio:

Hoxe atopei a Sarela na rúa.

Non coñezo a Martiño.

-
- Un pronome:

Chamou a todas.

Non vin a el na aula.

Coñezo a alguén que fala ruso.

Non van coller a calquera para a rodaxe.

-
- Unha estrutura comparativa:

Quere máis á nora ca á filla.

Necesito tanto á miña nai coma ao meu pai.

-
- A correlación 'un a(o) outro':

Insultábanse uns aos outros.

-
- Cando haxa ambigüidade para diferenciar o suxeito e o complemento directo:

Molestaron aos veciños. / Molestaron os veciños.

A COLOCACIÓN DO PRONOME PERSOAL ÁTONO

Como regra xeral, o pronome átono vai detrás do verbo e unido a el (verbo + CI + CD):

Todo o alumnado entregounos a documentación solicitada.

Déullelo ás rapazas onte pola noite.

Mañá deixarache o pedido na túa casa.

Subiranlle o soldo a todo o persoal traballador.

Olo!

Nunca pode iniciar unha oración:

~~Me gusta~~ ese libro. → Gústame...

~~Les dixeron~~ que abandonasen o recinto. → Dixéronlles...

Nalgúns contextos é obrigatorio colocar o pronome diante do verbo cando vai despois de:

- Adverbios ou expresións negativos (*non, nunca, xamais, nada, ningún, nin*):

Non collín o autobús. → Non o collín.

Nunca dorme a sesta. → Nunca a dorme.

Xamais comeu lamprea. → Xamais a comeu.

Ningún quixo almorzar leite. → Ningún o quixo almorzar.

- Oracións interrogativas, exclamativas e desiderativas:

Cando o usaches?

Quen mo dera!

Oxalá che vaia ben.

- Algúns adverbios (*acaso, aínda, ata, axiña, case, deseguida, disque, enseguida, igual, incluso, mesmo, quizais, seica, sempre, só, tamén, xa, demasiado, si, talvez...*):

Aínda non me trouxeches a proba da torta.

Quizais che coma a nena máis tarde.

Tamén o quero realizar eu.

Coidado!

Onte tróuxoma o meu pai.

Agora fixéchelo mellor ca antes.

*Nunca cos adverbios de tempo
«onte, hoxe, mañá, antes, despois»*

- Certos pronomes (*abondo, algo, alguén, ambos/as, bastante, calquera, entrambos/as, ningún/nha, todo, que, quen, cal, cuxo...*):

Todo o fixo mal.

Bastante me custou que viñese hoxe.

A profesora, de quen che falei, acaba de xubilarse.

Calquera te poderá traer.

- Nexos subordinantes (*que, porque, xa, cando, onde, como, se...*), aínda que haxa unha explicación entre comas:

Quero que me merques un libro.

Indicarémoslle que, tras realizar a proba teórica, se comunicará a data da proba práctica.

Non vou porque me atopo mal.

Collereite onde che cadre mellor.

Ganas me deron de chorar.

Por pouco che puido gañar.

Ollo!
Tamén pode
ir antes cando
se altera a
orde lóxica
dalgún elemento
da oración

Nalgúns casos o pronome átono pode ir antes ou despois do verbo:

- Cando o infinitivo vai precedido por unha preposición:

De che prestar o libro, tráemo mañá. / De prestarche o libro, tráemo mañá.

- Nas perífrases verbais ou cun verbo conjugado seguido de infinitivo ou xerundio:

Ten que realizalo hoxe. / Teno que realizar hoxe. / Ten que o realizar hoxe.

Quero sabelo. / Quéroo saber.

ERROS NO EMPREGO DOS PRONOMES PERSOAIS

- Certos verbos constrúense con complemento directo e non con complemento indirecto (*informar, convocar, citar, convidar, avisar, saudar...*):

~~Informámoslle~~ de que mañá comeza o prazo para inscribirse nos cursos. → Informámosvos...

~~Avisolle~~ de que a facultade estará pechada. → Avisoa...

~~Convocámoslle~~ á reunión da xunta electoral. → Convocámolo...

- Non son posibles as construcións reflexivas en que a acción se exerce sobre unha parte do suxeito:

~~Píntouse os ollos~~ de azul. → Pintou os ollos...

~~Laveime as mans~~ antes de comer. → Lavei as mans...

A nena ~~púxose as botas~~. → ... puxo as botas.

- O pronome reflexivo non se utiliza para destacar a persoa que realiza a acción:

~~Comeuse~~ toda a torta de chocolate. → Comeu...

~~Bebíme~~ unha cervexa cos colegas. → Bebín...

~~Merecíanse~~ que o castigo fose máis duro. → Merecían...

- Non son verbos reflexivos *marchar, quecer, caer, calar, parar, quedar, casar, romper, sorrir, subir* etc.:

Despois de oír aquilo, ~~quedeime~~ calada. → ... quedei...

~~Esptámonos~~ moi cansos. → Espertamos...


A avoa ~~enfermouse~~. → ... enfermou.

- O pronome de complemento indirecto é invariable en xénero pero non en número (*lle, lles*). As respectivas contraccións co complemento directo son *llo, lla, llos, llas/llelo, llela, llelos, llelas*:

Envíelle os certificados ao alumnado.

~~Non lle quixen dicir~~ a verdade ás miñas irmás. → Non lles quixen dicir...

En zonas occidentais de Galicia utilizamos «lle» tanto para o singular coma para o plural (dialectalismo).



- O pronome inexistente **elo* substituíremolo por un demostrativo neutro (*iso, isto*):

~~Por elo~~, convén que asistamos ao acto. → Por iso,...

~~Con respecto a elo~~, non teño nada que dicir. → Con respecto a isto,...

SUPRESIÓN DE ELEMENTOS NECESARIOS NA ORACIÓN

Con frecuencia, por economía lingüística prescindimos de artigos, preposicións e conxuncións (escrita telegráfica). Ocorre, por exemplo, en títulos, listaxes, letreiros etc.:

~~aula informática~~ → aula de informática

~~exercicio ano anterior~~ → exercicio do ano anterior

O artigo

- A omisión do artigo limita a comunicación coa persoa destinataria e cómpre evitala:

As reclamacións formularanse ~~mediante escrito~~ dirixido ao presidente. → ... mediante un escrito...

~~Véxase apartado anterior~~. → Véxase o apartado...

~~Certificado de empresa~~ → Certificado da empresa

Identificarase e ~~presentará fotocopia~~ do DNI. → ... presentará unha fotocopia...

- *Todos/as, ambos/as e entrambos/as* esixen a presenza do artigo cando funcionan como determinantes; é dicir, acompañan un substantivo:

~~Todas persoas~~ matriculadas terán que asistir á proba final.
→ Todas as persoas...

~~De todas formas~~, o programa non funciona ben. → De todas as formas,...

~~Ambas partes~~ estaban de acordo. → Ambas as partes...

~~Entrambos fillos~~ coidaban da nai. → Entrambos os fillos...

- Os adxectivos *citado/a*, *devandito/a* e *dito/a* refírense a algo ou a alguén citados con anterioridade. É obrigatorio que os preceda o artigo:

O reitor inaugurará ~~citada facultade~~ a vindeira semana.

→ ... a citada facultade...

Logo de transcorrer ~~devandito prazo~~, a comisión realizará a proclamación definitiva. → ... o devandito prazo,...

Publicarase ~~dita convocatoria~~ nos taboleiros do rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo. → ... a dita convocatoria...

Limitaremos
o uso destes
adxectivos porque
sobrecargan os
textos

- O determinante posesivo vai acompañado por un artigo, agás nos seguintes casos:

- Vocativos e exclamacións:

Ai, miña neniña!

Meu Deus!

- A continuación doutro determinante:

Esta miña filla sempre ten que saír coa súa.

- Nalgunhas expresións fixadas:

Meu dito, meu feito.

Outras veces, a presenza do artigo co posesivo é optativa:

- Co distributivo *cada*:

En cada cuarto (a) súa televisión.

- Con certos nomes de parentesco:

(A) Miña nai quere que vaíamos comer á súa casa.

(Os) Meus irmáns marcharon de vacacións a Alemaña.

Olla!

É obrigatorio ~~con nomes de parentesco~~ cando se trate de varios posuídores:

O noso pai aínda non chegou.

Os vosos tíos viñeron da Habana.

Preposicións

- Verbo + preposición:

~~Insistíume que~~ fose á inauguración. → Insistíume en que...

~~Advertíume que~~ non fixese o parvo outra vez. → Advertíume de que...

~~Acordouse que~~ non avisara a súa nai. → Acordouse de que...

~~Asegúrate que~~ colliches as chaves. → Asegúrate de que...

~~Recorreu unha sentenza.~~ → Recorreu contra unha sentenza.

~~Alégrome que~~ sexa así. → Alégrome de que...

~~Informámoslos que~~ mañá comeza o citado curso. → Informámoslos de que...

O!!!

Ás veces atopamos o caso contrario, en que sobra a preposición:

~~Penso de que~~ non aprobarei nesta convocatoria. → Penso que...

- Substantivo + preposición:

Foi ~~coa condición que~~ non diría nada. → ... coa condición de que...

~~Deuse de conta que~~ a estaba enganando. → Deuse de conta de que...

~~Estamos de acordo que~~ non é a mellor opción. → Estamos de acordo en que...

Doíalle tanto ~~ata o punto que~~ quería morrer. → ... ata o punto de que...

~~O ano que~~ gañamos a carreira. → O ano en que...

~~Trátase que~~ o fagas ben. → Trátase de que...

~~Non hai dúbida que~~ é o asasino. → Non hai dúbida de que...

- Adxectivo + preposición:

~~Estou convencida que~~ obterás a praza. → Estou convencida de que...

~~Estamos seguras que~~ a formación é fundamental para medrarmos como sociedade. → Estamos seguras de que...

- Locución + preposición:

~~Cometeu o erro a pesar que~~ o avisaron. → ... a pesar de que...

~~Presentouse co fin que~~ lle concedesen a bolsa. → ... co fin de que...

~~Con tal que~~ vaías, xa estará contenta. → Con tal de que...

~~Avísame no caso que~~ te operen. → ... no caso de que...

A conxunción *que*

- É frecuente atopar textos sen a conxunción *que* ao introducir unha oración subordinada, pero a súa presenza é obrigatoria:

~~Ordénolle efectúe~~ os pagamentos. → Ordénolle que efectúe...

~~Agradeceríámoslle nos enviase~~ a documentación o antes posible.
→ Agradeceríámoslle que nos enviase...

~~Solicítolle dea lectura~~ á acta anterior. → Solicítolle que dea lectura...



USOS INCORRECTOS DO INFINITIVO, PARTICIPIO E XERUNDIO

As formas verbais nominais ou non persoais dos verbos son o infinitivo, o participio e o xerundio.

Infinitivo

- Como verbo principal dunha oración:

~~Lembrar~~, por último, a necesidade de incluír a ficha de pagamento. → Cómpre lembrar/que lembremos,...

Respecto da actividade xudicial ~~indicar~~ que todas as sentenzas foron favorables. → ... debemos indicar/indicaremos...

- Con valor de mandato:

~~Sinalar~~ cun X a resposta correcta. → Sinala...

~~Ver~~ o apartado anterior. → Véxase...

Participio

- En substitución de toda unha estrutura verbal pasiva:

~~Realizado~~ baixo os auspicios da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo. → Foi realizado...

~~Entregadas~~ unhas chaves na conserxaría da Facultade de Filoloxía e Tradución. → Entregáronse...

- Ao comezo dunha oración e con valor temporal:

~~Revisadas~~ as solicitudes, o Servizo de Contabilidade publicará a listaxe de agarda. → Despois de revisar...

~~Aprobado~~ o texto, enviaráselle á Xunta de Facultade. → Unha vez aprobado...

~~Concluída~~ a votación, comezará o escrutinio. → Logo de votar,...

Na linguaxe
administrativa e
xurídica abúsase
deste uso do
participio

Xerundio

- De posterioridade (substitúese por *e* + verbo):

Finaliza o consello de goberno ~~aprobándose~~ o Regulamento do uso da lingua galega. → ... e apróbase...

Presentaranse dúas copias seladas de cada solicitude, ~~devolvéndolles~~ unha ás persoas interesadas → ... e devolveráselles...

- Con valor especificativo (cámbiase por *que* + verbo):

Na facultade cómpre persoal administrativo ~~sabendo idiomas~~.
→ ... que saiba idiomas.

Atopeime con Pepe ~~falando~~ con María. → ... que falaba...

Olla! Tamén se coñece como xerundio do BOE:

Na última xunta de facultade aprobouse a citada normativa ~~corrixindo~~ os puntos referidos ás solicitudes. → ... que corrixe...

- Causal-consecutivo:

~~Non se producindo~~ ningunha reclamación, publicouse a listaxe definitiva das persoas beneficiarias. → Ao non se producir/Por non se producir/Dado que non se produciu...

~~Non rematando~~ a tempo o traballo, tereino que realizar na casa. → De non rematar...

- Con valor partitivo:

Presentáronse varias propostas no consello de goberno de onte, ~~sendo aprobada~~ a primeira delas. → ... e aprobouse...

O curso impartíuse nos tres campus, ~~sendo~~ o de Pontevedra o que acadou menor número de persoas matriculadas. → ... e foi...

DIFERENZAS ENTRE O ANTEPRETÉRITO DE INDICATIVO E O PRETÉRITO DE SUBXUNTIVO

Existe a tendencia a utilizar os dous tempos verbais indistintamente, pero os seus usos están ben delimitados.

Antepretérito de indicativo (formas en *-ra*)

- Indica unha acción anterior a outra pasada:

Cando chegamos, ela xa marchara.

- Expresa desexo:

Oxalá mercara as botas.

Pretérito de subxuntivo (formas en *-se*)

- Sinala unha acción que podería realizarse pero que non se levou a cabo:

Dixo que nos avisaría cando saísen os resultados.

- Emprégase nas construcións condicionais para falar dunha acción que non se vai cumprir ou que é pouco probable:

Se comésedes todo, estariades no aniversario da vosa curmá.

EMPREGO DO INFINITIVO CONXUGADO E DO FUTURO DE SUBXUNTIVO

O infinitivo conxugado

Tempo verbal característico do galego e do portugués inexistente no castelán. Fórmase engadíndolle ao infinitivo as correspondentes desinencias e indica quen realiza a acción:

Ao xantar vin a María (xantei); ao xantares vin a María (xantaches); ao xantarmos (xantamos).

Cómpre resolveres todas as dúbidas antes de facermos o exame.

Recoméndase usar cando o infinitivo:

- Posúe un suxeito distinto do verbo principal:

De iren (eles) ás clases, durmiremos (nós).

- Ten o mesmo suxeito ca o verbo principal, pero vai antes ca el:

Por cubrires mal a solicitude, denegáronche a bolsa.

- Indica un suxeito indeterminado en terceira persoa do plural:

Os tres pavillóns formaban o Colexio Universitario de Vigo antes de se construíren as respectivas facultades e denominarse Universidade de Vigo.

-
- Vai precedido por unha preposición:

De lles interesaren os cursos, rexístranse en Bubela.

Envíovos o informe para/a fin de coñecerdes a situación.

Iso pasouche por estudares pouco.

Ao rematares a acta, pasa polo despacho do director.

A pesar de/Malia/Con non estudaren dabondo, aprobaron.

Nunca «a partires de» e «a pesares de» porque non son infinitivos



A partir de mañá cambiará o tempo.

O futuro de subxuntivo

Contaba con plena vixencia funcional no galego-portugués medieval, pero na actualidade vese desprazado por outras formas verbais. Consérvase en refráns e no cancionero popular, ademais de certos rexistros formais da lingua escrita, por exemplo, na documentación xurídica e administrativa.

O futuro de subxuntivo indica unha acción futura, irreal, pero que probablemente se realice. Pode empregarse en contextos semellantes ao presente e ao pretérito de subxuntivo.

Olla!

Unha regra que se pode aplicar para utilizalo con seguridade é que cando na oración principal empreguemos o presente ou o futuro de indicativo, na subordinada utilizaremos o futuro de subxuntivo:

Quen non estiver (= estivese) matriculado, non poderá presentarse aos exames.

Se for (= fose) o caso, resolverao o Tribunal de Garantías.

Cando fixeren (= fagan) novos regulamentos, deben comunicalo o máis axiña posible.

Envíen as actas segundo as realizaren (= realicen).

Sexa como for, gozaremos das vacacións.

CUESTIÓN SOBRE ALGUNHAS PERÍFRASES VERBAIS

Ir + infinitivo

Expresa futuridade e inminencia:

Vai ter que ir a urxencias.

Ao rematar as clases imos xantar na Facultade de Bioloxía.

*Nunca leva a preposición
«a» entre os verbos:*

Nestes días van ser pais.

Vir + de + infinitivo

Soamente expresa o remate dunha acción con idea de movemento:

Vén de plantar unhas cebolas.

Veño de estar con Mariña.

Coidado!

Empregase erroneamente como perífrase de anterioridade recente:

~~Vimos de publicar~~ o regulamento. → Acabamos de publicar...

O Consello de Goberno ~~vén de aprobar~~ uns novos estatutos.

→ ... acaba de aprobar...

Ter + participio

Só indica unha acción no pasado rematada e repetida no tempo:

Xa che teño dito que non podes fumar no traballo.

Xa tiña ido a esa festa varias veces.

Ollo! Nunca co valor de acción pasada e acabada:

Esgotou todas as convocatorias ~~sen que tivese superado~~ a materia. → ... sen que superase...

Só poderán presentarse as persoas ~~que teñan realizado~~ estudos universitarios. → ... que realizasen...

Poderán asistir ao curso as persoas ~~que tiveran pagado~~ as taxas.
→ ... que pagaron...

*É un calco
do castelán*

ABUSO DA VOZ PASIVA

Acotío atopamos abundantes construcións pasivas, tanto nos documentos oficiais coma xornalísticos, que entorpecen e dificultan a súa comprensión. Como ben sabemos, a orde normal dos elementos dunha oración é *suxeito + verbo + complementos*. Deste xeito, recomendamos as construcións activas por ser claras e directas:

As causas xustificadas ~~serán consideradas~~ pola comisión.
→ A comisión considerará as causas xustificadas.

A acta ~~será asinada~~, por todas as persoas. → Todas as persoas asinarán a acta.

É preferible usar a pasiva reflexa (verbo en voz activa + *se*) fronte á voz pasiva (*ser* + participio):

A vindeira semana ~~será aprobado~~ o regulamento no consello de goberno. → ... aprobarase...

Ao día seguinte ~~será publicada~~ a listaxe definitiva. → ... publicarse...

A semana pasada ~~foilles presentada~~ ás persoas usuarias a páxina web do centro. → ... presentóuselles...

~~Aprobouse~~ a normativa polo Consello de Goberno. → O Consello de Goberno aprobou a normativa.

← É incorrecto o uso do pronome «se» e mais o suxeito expreso nunha mesma oración

A CONCORDANCIA

Á hora de redactar un texto debemos ter en conta a relación entre os seus elementos.

- Artigo + substantivo

Os nomes femininos que comezan por vogal *a-* tónica conservan tamén o artigo en feminino:

a arte, a acta, unha aula, unha área, a auga

- Substantivos + adxectivo:

Curso de lingua e cultura ~~galega~~ para alumnado estranxeiro
→ Curso de lingua e literatura galegas...

Coñecín un rapaz e unha rapaza moi ~~simpática~~. → ... moi simpáticos.

Os marcos das portas e das ventás están ~~pintadas~~ de hoxe. → ... están pintados...

- Suxeito + predicado:

O avó e mais o neto ~~entregoulle~~ o can á súa dona. → ... entregáronlle...

Media ducia de ovos ~~non chegan~~ para facer o roscón da Pascua. → ... non chega...

Alúgase pisos. / Alúganse pisos.

A maioría das persoas asistentes ~~é~~ muller. → ... son mulleres.

Olló!

O pronome relativo *quen* esixe que o verbo concorde con el en singular, agás co verbo *ser* que pode ir en plural:

Quen ~~chegaron~~? → Quen chegou?

Quen foi? / Quen foron?

A POBREZA LÉXICA

Neste apartado ocuparémonos dalgúns vicios de estilo que atopamos acotío nos nosos escritos e que debemos corrixir:

- Evitar o uso continuado das palabras baleiras de significado (imprecisas). Por exemplo, verbos como *facen*, *ser*, *estar*, *ter*, *falar* etc., e substantivos como *cousa*, *tema*, *feito*, *problema*, *cuestión* etc.:

O reitor ~~dirá un discurso~~ no acto de apertura do curso académico.
→ ... pronunciará un discurso...

A secretaria ~~fará unha carta~~ e enviarállela a todos os servizos.
→ ... redactará unha carta...

As oracións longas ~~fan o texto cargado e complicado~~.
→ ... cargan e complican o texto.

O acto ~~terá unha duración~~ de dúas horas. → ... durará...

As notas ~~son as correspondentes~~ ao último exame. → ... corresponden...

Esa muller ~~ten o cargo~~ de directora xeral. → ... desempeña o cargo...

- Empregar palabras curtas e sinxelas:

~~aproximativo~~ → **aproximado**

~~clarificar~~ → **aclarar**

~~concretizar~~ → **concretar**

~~culpabilizar~~ → **culpar**

~~diferenciado~~ → **diferente**

~~influnciar~~ → **influír**

~~intencionalidade~~ → **intención**

~~predominancia~~ → **predominio**

~~priorización~~ → **prioridade**

~~problemática~~ → **problema**

~~valorizar~~ → **valorar**

~~visionar, visualizar~~ → **ver**

- Fuxir da excesiva nominalización (substantivos que indican acción):

~~Cómpre levar a cabo o estudo para a consecución dos obxectivos.~~

→ ... para conseguir os obxectivos.

~~Enviáremoslle unha carta para dar cumprimento á lei.~~ → ... para que cumpra coa lei.

~~Todo o estudantado tomou parte na homenaxe ao profesor.~~

→ ... participou...

~~Reuníronse para a realización da proba.~~ → ... para realizar a proba.

- Omitir estruturas formadas por un verbo baleiro de significado e un substantivo (circunloquios):

~~chegar á conclusión~~ → **concluír**

~~chegar a un acordo~~ → **acordar**

~~dar apoio~~ → **apoiar**

~~dar a coñecer~~ → **expresar, manifestar**

~~dar comezo~~ → **comezar**

~~dar cumprimento~~ → **cumprir**

~~dar por finalizado~~ → **finalizar**

~~dar un cambio~~ → **cambiar**

~~estar en posesión~~ → **posuír**

~~facer entrega~~ → **entregar**

~~facer mención~~ → **mencionar**

~~facer público~~ → **publicar**

~~facer referencia~~ → **referirse**

~~facer uso da palabra~~ → **falar, intervir**

~~levar a cabo~~ → **efectuar**

~~manter unha entrevista~~

→ **entrevistar**

~~poñer de manifesto~~ → **manifestar**

~~poñer en coñecemento~~

→ **comunicar**

~~poñer en valor~~ → **valorar**

~~prestar apoio~~ → **apoiar**

~~prestar atención~~ → **atender**

~~tomar unha decisión~~ → **decidir**

~~Procedeuse á elección~~ de representantes do alumnado.
→ **Elixíronse...**

O reitor ~~fixo uso da palabra~~ ao comezo do acto. → ... falou...

A xornalista ~~manterá unha entrevista~~ co presidente da comunidade. → ... **entrevistará...**

Os datos ~~que se poñen de manifesto~~ neste escrito son verdadeiros.
→ ... **que se manifestan...**

- A vicerreitora ~~procedeu á sinatura~~ do acordo. → ... asinou...
- A comisión electoral ~~fará público~~ o censo electoral definitivo.
→ ... publicará...
- No último consello de goberno ~~procedeuse á aprobación do~~
Regulamento do uso da lingua galega. → ... aprobouse...
- A rapaza ~~puxo en coñecemento~~ da policía o que viu aquela tarde.
→ ... comunicoulle...
- A presidencia ~~declarará iniciado~~ o acto do escrutinio.
→ ... iniciará...
- A reunión ~~deu comezo~~ ás 10.00 horas. → ... comezou...

• Evitar as palabras innecesarias (redundancias):

á mesma vez	→ á vez
actualmente en vigor	→ en vigor
aparentemente parece	→ parece
base fundamental	→ base
completamente gratuito	→ gratuito
conclusións finais	→ conclusións
consenso unánime	→ consenso
exemplo práctico	→ exemplo
introducirse dentro	→ introducirse
parte integrante	→ parte
prever con antelación	→ prever

protagonista principal	→ protagonista
recuperarse favorablemente	→ recuperarse
reiniciar de novo	→ reiniciar
resultado final	→ resultado
resumir brevemente	→ resumir
saír fóra	→ saír
utopía inalcanzable	→ utopía
vixente na actualidade	→ vixente
volver reincidir	→ reincidir

• Eludir as repeticións que producen sons desagradables (cacofonías):

- A ~~participación~~ de tantas persoas na ~~inauguración~~ foi unha ~~satisfacción~~. → Foi moi satisfactorio que participasen tantas persoas na inauguración.
- Atopouse con moitas ~~xentes~~ polos ~~diferentes ambientes~~ de Barcelona. → ... persoas (...) distintos ambientes...
- ~~Unicamente~~ as persoas matriculadas que realicen ~~habitualmente~~ as tarefas poderán acceder ~~directamente~~ ao exame. → Só (...) que adoiten realizar (...) directamente...

• Substituír por sinónimos palabras ou expresións repetidas nunha oración ou parágrafo:

- ~~Gustoume~~ moito a aldea, pero o que máis ~~me gustou~~ da aldea foi a súa praza. → Gustoume (...) o que máis me fascinou...

-
- Evitar o abuso dos adverbios terminados en *-mente* (palabras extensas):

~~Posteriormente~~, realizaredes o exercicio en parellas. → Despois,...

Estou ~~absolutamente~~ convencida de que esta situación pode mellorar. → Estou convencida...

Olla!

Cando aparezan enumerados dous ou máis adverbios en *-mente*, só conserva esta terminación o último:

Falounos ~~amablemente e sinceramente~~. → ... amable e sinceramente.

-
- Utilizar as siglas con referente:

UT (unidade tramitadora)

URG (unidade responsable de gasto)

RC (retención de crédito)

OSL (oficina de software libre)

O TRATAMENTO PERSOAL

Á hora de redactarmos un documento debemos ter en conta a quen vai dirixido para garantir unha comunicación eficaz entre a persoa emisora e a destinataria.

Emisor/a

-
- Utilizar a primeira persoa do singular entre a Administración e as persoas administradas (*certifico, fago constar...*):

Infórmoo de que a factura do mes pasado corresponde a gastos de copistaría.

-
- Empregar a primeira persoa do plural cando nos referimos á institución, oficina, servizo etc.:

Comunicámoslles que...

-
- Usar a primeira persoa do plural en textos académicos e científicos e así evítase o protagonismo do autor/a:

Neste traballo ocuparémonos das vantaxes dos produtos ecolóxicos.

Receptor/a

- Utilizar a forma de respecto *vostede*:

Dirixímonos a vostede para convidala...

- Empregar o tratamento de *don/a* + nome ou *señor/a* + apelidos:

Dona Uxía Fidalgo Gómez

Sra. Fidalgo Gómez

Nunca os
dous á vez



~~Sr. D.~~ Xosé Antón Serodio Costas → D. Xosé Antón Serodio
Costas/Sr. Serodio Costas

- Usar formas protocolarias con certos cargos oficiais:

Sr. Reitor Magnífico da Universidade de Vigo

O Honorable Señor Presidente

Olla! Na disposición décimo terceira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, di o seguinte con respecto ao tratamento das autoridades académicas:

As autoridades universitarias recibirán o tratamento de *señor* ou *señora*, seguido da denominación do cargo. Os reitores das universidades recibirán, ademais, o tratamento académico de *Reitor Magnífico* ou *Reitora Magnífica*.

- Omitir verbos e expresións que transmiten unha imaxe de subordinación:

~~Prégase a confirmación~~ de asistencia. → Solicítase a confirmación...

~~Régolle~~ que debe presentar a súa solicitude. → Comunícolle...

o/a que asina, a persoa que asina, quen asina

Hoxano téndense a eliminar
estas fórmulas fixas porque
recargan o texto

OUTRAS EIVAS FRECUENTES

Mesmo(s), mesma(s)

Este pronome indefinido nunca pode substituír algo xa mencionado antes (valor anafórico). Evitaremos este uso acudindo aos pronomes persoais, demostrativos, posesivos ou, nalgúns casos, eliminalo:

Presentouse a lei e no artigo 2 ~~da mesma~~ lese o que ti me dis.
→ ... no seu artigo 2...

Ao chegar o autobús baixaron todos ~~do mesmo~~. → Ao chegar o autobús baixaron todos.

A memoria é un resumo das actividades desenvolvidas. ~~Na mesma~~ descríbense as actividades do ano 2014. → ... Nela descríbense...

A directora do centro colaborou coa vicerreitoría na organización das xornadas e foi a encargada da coordinación ~~da mesma~~.
→ ... da súa coordinación.

O secretario leu a acta e entregoulles ás persoas interesadas unha copia ~~da mesma~~. → ... unha copia desta.

Onte aprobáronse as materias optativas e os créditos ~~das mesmas~~.
→ ... os créditos correspondentes.

A reiteración do complemento indirecto

É moi común que, aínda que apareza expreso o complemento indirecto, se reforce a través do pronome átono (*lle/lles*):

Envioulle as prácticas ao docente.

A traballadora trasladoulle o escrito ao reitor.

Mandareilles cubrir unha enquisa ás miñas clientas.

Substantivo + a + infinitivo

A construción *substantivo + a + infinitivo* é unha estrutura calcada do francés errónea. Existen varias opcións para substituíla:

Esé é un criterio ~~a ter en conta~~. → ... que cómpre ter en conta.

A documentación ~~a presentar~~ realizárase nun prazo de tres días.
→ ... que hai que presentar...

Abrirase un prazo de cinco días hábiles ~~a contar~~ a partir da publicación da listaxe. → ... contados...

Total ~~a deducir~~. → ... para deducir.

Presente

Como todo adxectivo, *presente* sempre acompaña un substantivo:

O presente ano académico está a piques de rematar.

O alumnado presente elixiu a delegada da clase.

Olla!

Nunca co substantivo omitido:

~~A través do presente~~ comunicámoslle a súa inclusión no citado programa. → A través do presente documento...

Cómpre reunir os requisitos establecidos no artigo 2 ~~do presente~~.
→ ... do presente regulamento.

~~Pola presente~~ diríxome a vostede... → Pola presente carta...

Previo, previa

Previo/a é un adxectivo que só significa 'anterior' e vai posposto ao substantivo:

Presentouse sen aviso previo.

Para ir ao dentista tes que pedir cita previa.

Coidado!

É incorrecta a estrutura *previo/a* + substantivo:

Deberá contar coa autorización do órgano competente, ~~previa~~
~~petición~~ das persoas interesadas. → ... tras a petición...

A Xunta de Goberno, ~~previa audiencia~~, poderá dar de baixa as asociacións que incumpran os seus compromisos. → ... logo da audiencia,...

A proposta terase en conta ~~previa exposición~~ pública á comunidade universitaria. → ... despois da exposición...

Confusións de xénero

Os seguintes substantivos atopámoslos moitas veces cun xénero equivocado pola interferencia do castelán.

• Son femininos

a orde, a porcentaxe, a epígrafe, a paisaxe, a canle, a aprendizaxe, a análise, a orixe, a paréntese, a ponte, a fin 'remate', a calor, a árbore...

• Son masculinos

o labor, o sinal, o costume, o contrasinal, o leite, o sal, o sangue, o nariz...

E/Ou

A alternancia *e/ou* significa que ambas as circunstancias son posibles ou só unha delas. O seu uso é ambiguo porque o público lector pode interpretar a mensaxe de dúas formas distintas. É mellor utilizar *e* ou empregar *ou* dependendo do significado que lle queiramos dar á oración:

Deberá presentarse acompañado do DNI ~~e/ou~~ do pasaporte.
→ ... do DNI ou do pasaporte.

Debemos continuar co plan de dinamización que desenvolva ~~e/ou~~ execute os obxectivos específicos. → ... que desenvolva e execute...

A apócope dos adxectivos

• San/Santo

San é a forma abreviada de *santo* utilizada diante dos nomes propios que comezan por consoante. Pola contra, se o nome empeza por vogal emprégase *santo* 

Santo André de Comesaña é unha parroquia do concello de Vigo.

San Tomé de Aquino é o patrón da Universidade.

• Gran/Grande

Gran é a forma apocopada de *grande* usada ante substantivos en singular que comezan por consoante. ~~Non obstante, grande utilízase diante dos nomes en singular~~ que empezan por vogal:

Que gran persoa es!

Hoxe imos asistir a unha grande actuación.

Olla!

Cos substantivos en plural emprégase sempre a forma *grandes*:

Gañou grandes cantidades de diñeiro.

A ausencia da dobre negación

Os indefinidos *algún(s)*, *algunha(s)* e *alguén* non se poden utilizar nas oracións negativas. Nestes casos acudiremos ás formas negativas *ningún(s)*, *ningunha(s)* e *ninguén* (dobre negación):

Non hai problema ~~algún~~. → ... ningún.

Non obtiven resposta ~~algunha~~. → ... ningunha resposta.

Non respondeu ~~alguén~~ o cuestionario. → ... ningunha...

A ESCRITURA DALGUNHAS PALABRAS

Abondo/Dabondo

Ten anos abondo para tomar as súas decisións.

Sempre tes resposta dabondo para todo.

↔ Son sinónimas

Amáis de/Ademais de

Eran dez persoas contratadas, amáis do persoal fixo.

Ademais de ir á reitoría, teño que pasar polo banco.

↔ Son sinónimas

Aparte/Á parte

Esa obra de teatro ten moitos apartes (= comentario ou observación).

Levouna a un aparte para rifarlle (= sitio retirado).

Esta idea terás que tratala nun parágrafo á parte (= de maneira separada).

É licenciada en Belas Artes, á parte de logopeda (= ademais de).

Cando/Canda

Cando comezan as clases?

Esquecín cando remata o prazo de entrega de solicitudes.

A profesora veu canda vós (= compañía).

Conque/Con que

O problema xa non tiña solución, conque deixei de pensar nel (= por conseguinte, polo tanto, así que, daquela).

Con que presentes a instancia mañá, é suficiente.

O caderno con que che bateu era de meu.

Con que vestido vas ir á festa?

Deica/Ata

Deica Chapela hai pouca distancia (= de aquí a).

A licenciatura impartirase ata o curso 2014/2015.

Ata a miña avoa se lembraba daquel día.

↔ «Deica» pode substituírse sempre por «ata», pero non viceversa

Demais/De máis

As demais persoas poderán asistir ao curso se quedan prazas baleiras (= o que queda, o resto).

Tiven que comer cordeiro asado tres días porque a miña nai fixo de máis (= en exceso, de sobra).

En balde/De balde

Percorrín o traxecto en balde (= inutilmente, sen proveito).

O curso é de balde (= gratis).

Perante/Ante

Falou perante a xuíza.

Actuou ante un público marabilloso.

Ante esa posibilidade non sei que dicir.

Son sinónimas co significado de 'en presenza de'

Porque/Porqué/Por que

Non foi ao exame porque non estudara (= indica unha causa).

Estudaba acotío porque as cousas mellorase(n) (= para que).

Dime o porqué desa toleira (= motivo, razón).

Por que non fuches traballar hoxe?

Por fin superou a enfermidade por que pasou (= pola que pasou).

Senón/Se non

Vou ir á compra, senón a neveira continuará baleira (= contrapón dúas ideas).

Se non queres que che entren a roubar, pecha as ventás e a porta (= introduce unha condición).

Sobre/Encol de

Os libros están sobre a mesa.

Deixou a botella de auga encol da mesa de noite.

Onte falaron sobre o medio natural.

Son sinónimas co significado de 'localización superior en sentido físico'



¿AÚNDA
DUBIDAS?



Velaquí un pequeno resumo cuns breves consellos á hora de redactares diferentes tipos de documentos.

- Emprega unha linguaxe apropiada ás persoas que reciben o texto, de xeito que se poida entender a primeira vez que se le.
- Selecciona e ordena a información relevante.
- Sitúa os datos importantes ao comezo do parágrafo, porque son os primeiros que se len.
- Usa parágrafos e oracións curtos.
- Evita as oracións subordinadas.
- Mantén a orde lóxica nas oracións (suxeito + verbo + complementos).
- Utiliza os verbos en voz activa.
- Modera as oracións impersoais e personaliza os teus escritos.

- Suprime os estranxeirismos innecesarios.
- Evita as ambigüidades con termos concretos.
- Utiliza sinónimos fronte ás repeticións.
- Emprega listaxes con viñetas en vez de longos parágrafos con enumeracións separadas por comas.
- Fuxe da linguaxe sexista e da discriminación nas formas de tratamento.
- Aliña toda a información dos documentos administrativos cara á esquerda, sen sangrado e cun espazo en branco entre cada parágrafo.
- Adecúa os textos á imaxe corporativa da Universidade de Vigo (símbolos, fontes e tamaño ou corpo da letra, cores etc.).




Ollo!

*Cando redactes un documento
lembra revisalo e corríxilo.*



MALAS HERBAS NA LINGUA GALEGA



Baixo esta epígrafe recollemos unha pequena mostra de palabras, expresións e construcións incorrectas presentes na nosa lingua, pero que non damos eliminado por moito que as corrixamos.



	Incorrecta	Correcta
A	a ciencia certa	con certeza
	a conta e risco	baixo a responsabilidade de, por conta e risco, pola súa/nosa conta
	a contar desde	contados desde, que comezarán a contar desde, a partir de
	a cotío	acotío
	a este fin	con este fin, para esta finalidade
	a grandes rasgos	a grandes trazos
	a grosso modo	grosso modo
	a nivel de 'no tocante a'	no referente a, con respecto a, no ámbito, en relación con
	a partires de	a partir de
	a penas	apenas
	a pesares de	a pesar de
	a raíz de	por mor de, debido a, a consecuencia de, por causa de, por
	a ser posible	se é posible, de ser posible
	a tal efecto	para tal efecto
	a tenor de	a teor de, por razón de, segundo
	a veces	ás veces
	á atención de	para, dirixido a, ao coidado de
	á maior brevidade	coa maior brevidade, o máis axiña posible, canto antes, o antes posible

Incorrecta	Correcta
á postre	en definitiva, despois de todo, en último termo
á sazón	daquela, entón, naquel tempo
acuse de recibo	xustificante de recepción, aviso de chegada
adentrarse	afondar, profundar, internarse
adeudar en conta	cargar na conta
adxuntar	achegar, xuntar
adxunto lle remito	envíolle con este escrito, remítolle con este escrito, achégolle con este escrito, achégolle como anexo
aforo	capacidade, cabida
agotar	esgotar
alonxar	afastar
aluguer	alugueiro, alugamento, arrendamento
ambos inclusive	ambos os dous incluídos, ambos incluídos
aos efectos	para os efectos, co fin de, co obxecto de
ao por maior	por xunto
ao por menor	polo miúdo, ao detalle
aos sós efectos	unicamente
aparte ‘separadamente, ademais de’	á parte
apunte	apuntamento
asamblea	aseemblea
asignatura	materia, disciplina
asimesmo	así mesmo
averiguar	indagar, descubrir, pescudar, verificar
B baremar	valorar, puntuar, medir
basar	basear
beca	bolsa
becario/a	bolseiro/a
boceto	bosquexo
búsqueda	busca, procura
buzón	caixa do correo
C cada quen	cadaquén
calado	acollida, profundidade, importancia
calificar	cualificar
calquer	calquera
calqueira	calquera
campeonato	campionato
canxear	trocar
casco urbano	núcleo urbano, centro urbano, zona urbana
casco vello	zona vella, zona histórica
casilla	cadro, recadro, cela, casa, compartimento
cauce	vía, canle, conduto

Incorrecta	Correcta
celebrar 'un acontecemento ou unha reunión'	ter lugar, realizar, levar a cabo, efectuar
cercano	próximo
cerciorarse	asegurarse, comprobar, verificar
cerre	cerramento, peche, pechamento
cese	cesamento
chequeo	revisión médica, recoñecemento médico
comenzar	comezar
cometido	arefa, función
con arreglo a	de acordo con, segundo, conforme
con cargo a	por conta de
con creces	de sobra, dabondo
con data	do día, do
conlevar	implicar, levar consigo, supor, comportar, dar lugar, ocasionar, significar
contemplar 'prever unha circunstancia'	ter en conta, considerar, recoller, estudar, establecer, incluír
contraseña	contrasinal
convalidación	validación
convalidar	validar
convertir	converter
corresponsal	correspondente
correxir	corrixir
cruce	cruzamento
cuatrimestre	cuadrimestre
cumprimentar 'un escrito ou impreso'	cubrir, encher
cuota	cota
cupo	cota
currículum	currículo
cursar convenio	subscribir un convenio
cursar un oficio/expediente	tramitar ou enviar un oficio/expediente
cursillo	curso
custe	custo
dacordo	de acordo
danos e prexuízos	danos e perdas
dar luz verde	aprobar, permitir
de abondo	dabondo
de acordo a	de acordo con
de contado	decontado
de seguido	deseguido
de tal modo e maneira	deste xeito, desta forma
desenrolar 'ter lugar, realizar'	desenvolver

Incorrecta	Correcta
desglosar	desagregar, detallar, especificar, analizar, separar
despacio	amodo, devagar, paseniño
despido	despedimento
deterioro	deterioración
devengar	ter dereito a percibir, retribuír, devindicar
dieta 'retribución extraordinaria por causa de traballo'	axuda de custo
diferencia	diferenza
dirección 'lugar de residencia'	endereço postal
disciplinar	disciplinario/a
disfrutar	gozar
disminuír	diminuír
dos correntes	deste mes/ano, do mes/ano que andamos
dossier	documentación, expediente, arquivo, carpeta, cartafol
doutorado	doutoramento
E elevar 'dirixir un escrito ou petición a unha autoridade'	enviar, trasladar
elo	iso, isto
e-mail	endereço electrónico, e-electrónico
emprazar 'pór algo nun lugar'	situar, localizar, instalar
en aras de	en beneficio de, en prol de, coa intención de
en base a	baseándose en, con base en, segundo, de acordo con, conforme
en caso de	no caso de
en conformidade a	en conformidade con
en consecuencia a	como consecuencia a
en modo algún	de ningún xeito, de ningún modo, de ningunha maneira
en orde a	para, co fin de, tocante a, verbo de
en relación a	en relación con
en tempo e forma	no tempo e na forma
en torno a 'en volta'	ao redor de, arredor de
encauzar	canalizar, encamiñar, dirixir
encuesta	enquisa
entablar	promover, emprender, iniciar, interpor, presentar, formular, interpoñer, establecer
